

As arestas da vida

María Xesús Nogueira

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

NOGUEIRA, MARÍA XESÚS (2011 [2009]). “As arestas da vida”. *A Nosa Terra*: 1361 (28 de maio), 33-34. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/727>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

XESÚS NOGUEIRA, MARÍA XESÚS (2009). “As arestas da vida”. *A Nosa Terra*: 1361 (28 de maio), 33-34.

* Edición dispoñíbel desde o 3 de maio de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

POESÍA.**As arestas da vida***Dor da claridade***Autor:** Carlos Arias.**Edita:** Bubela, 2009.

A aparición do pequeno selo Bubela Edicións achega un novo, e sempre benvido, espazo alternativo á edición de poesía.



Neste caso, a empresa enmárcase nun movemento de vangarda denominado sentimental_ISMO, que avoga

pola restauración da poesía galega e rexeita as tendencias vixentes. Entre os autores aparecidos na Colección de Poesía da editora figura o seu principal impulsor, Xesús Manuel Valcárcel, xunto a Manuel Celso Matalobos, Xesús Alfonso Parada, Rafael Pintos Méndez e Carlos Arias, autor da última das entregas.

A defensa do sentimentalISMO en canto movemento poético ocupa a maior parte do limiar-manifesto co que Xesús Manuel Valcárcel introduce a obra. Nas últimas páxinas achégase no entanto ao poemario de Carlos Arias, que considera “unha mostra elocuente das posibilidades do *rebelde stil nuovo*”.

A poesía de Carlos Arias é encadrábel, de certo, no que semella un dos principais postulados da nova estética, a raíz filosófica: “o sentimentalISMO céntrase deliberadamente na mensaxe, nas ideas, no significado e, por este motivo, vincúlase tematicamente coa filosofía (o noso principal empaste)”, lembra Xesús Manuel Valcárcel no limiar. *Dor da claridade* é unha medita- >>>



Carlos Arias.

>>> ción sobre cuestións de raíz filosófica que non parte, como podería pensarse, de construtos teóricos senón da propia experiencia cotiá delicadamente simbolizada: “Volvemos ás faíscas da mirada / pra darmos coa verdade”.

Ancorado no transcorrer dos días mediante algunhas marcas temporais (“luns, trinta e un de xaneiro dos meus corenta anos”, “unha tarde de vento [...] e un día máis de xaneiro”), o poemario evoca paisaxes sentimentais como a infancia, o amor ou a ausencia, ao tempo que constrúe alegorías sobre algúns dos cimentos que sosteñen a literatura de todos os tempos: a viaxe, escolleitas referencias mitolóxicas e, sobre todo, unha imaxinaría que bebe da natureza, do cosmos e tamén do rito.

Espido da roupaxe das citas, do xogo intertextual tan

querido por moitas das voces contemporáneas, e dos veos da ironía, *Dor da claridade* enúnciase desde un ton sereno e bota man dunha expresión

” Sencitas, sen o xogo intertextual tan querido por moitas voces contemporáneas, enúnciase desde un ton sereno e unha expresión cuidada”

coidada que non desbota, senón que por veces reitera, un léxico requintado. Nos procedementos de observación das arestas da vida –“na aresta / da vida, no gonzo da xeadá”, envolta case sempre polo símbolo, radica, ao meu entender, un dos valores dun poemario que se resiste a unha lectura superficial e que nos convida a rastrexar “as viaxes do eu”, no seu “inmenso esforzo por soportar a nada”. A observación da “vida a chegar / en cada pinga que pasa” levada a cabo polo eu, queda ademais enmarcada nun conxunto que se insire nunha continuidade –unha tradición– representada, no poema que abre o libro, pola imaxe dun volume que, “hai

máis de cen anos”, foi marcado por “alguén [que] fixo sangue”, “para que llo ceda eu / co seu sangue a quen me siga”, e, no poema final, por apenas tres versos: “No máis escuro da noite / barco dispónse / para abrir de novo a súa viaxe”. Semellante estrutura sitúa o libro de Carlos Arias, sen espaventos, nunha dimensión máis ampla da poesía e do pensamento.

A aparición de coleccións e correntes explicitamente alternativas, como é o caso de Bubela Editorial e do sentimental_ISMO, traen aire fresco á poesía actual, sempre necesario sexa cal sexa a súa dirección. Non obstante, sería desexábel que o marco sentimental_ISTA no que aparece o libro de Carlos Arias non limitase a súa lectura, por fortuna chea de arestas, como a vida.●

María Xesús Nogueira

ÓPERA.

Dramaturxia e poesía

Mitridate, re di Ponto de W.A. Mozart

Libreto: Vittorio Amadeo Cigna-Santi.
Intérprete: Orquestra Sinfónica de Galicia.

Dirección Musical: Gabriele Ferro.

Dirección de Escena: Graham Vick.

O Festival Mozart deste ano, dedicado ao traballo de Graham Vick, abriu coa produción de *Mitridate, re di Ponto* que a Royal Opera House puxo en pé no ano 1991. *Mitridate* foi a primeira incursión de Mozart na *ópera seria* e segue sorprendendo a capacidade daquel mozo de catorce anos para empregar o xénero como vehículo da súa brillantez. Do

mesmo xeito que sorprende a determinación con que aborda un texto –adaptación da obra de Racine– inzado de intrigas e ciumes amorosos no seo da familia e tamén de connotacións políticas.

A montaxe de Graham Vick ten, precisamente, a virtude de realzar os contidos dramáticos da trama sen recorrer a ningunha estratagemas que manipule o espírito da obra: pódese captar a súa esencia textual e musical sen efectos que subliñen ou “expliquen” o que se nos suxire dende a mesma medula do drama. Vick parte dun escenario sinxelo, case minimalista, no que destacan, sobre un fondo azul nocturno, uns enormes e austeros paneis dun intenso vermello que, resituándose a base de pequenos movementos, van enmarcando e outorgando un espazo propio a cada unha das escenas. Na sobria atmosfera creada por este marco –resaltado con pequenos detalles como un facho, unha árbore ou un obelisco–, despréganse un colorido vestiario a medio camiño entre a estética orientalizante e o barroco velazqueño e unha iluminación que crea ambientes refulxentes ou intimistas segundo as necesidades da ocasión. Un exacto movemento escénico con reminiscencias do teatro *kabuki* –non exento de humor– proporciónalle a este *Mitridate* a lixeireza e a vitalidade precisas para suplir a posíbel monotona da alternancia recitativo-aria.

Esta sinxeleza case no bordo da estética *zen* resulta fulgurantemente efectista e impactante pero –o máis importante– permite que se desenvolva con claridade a dramaturxia, a evolución da trama. O vermello sangue evoca a traxedia e a morte, mais tamén os vínculos familiares, a loita contra o estado imperial de Roma, o pragmatismo e dobrez dun militar corruptor, a tentación do privilexio adquirido a cambio da traizón. Os grandes temas da loita >>>